

Toma de declaración dun caso curioso

María ALONSO ALONSO

Mire axente, vou comezar polo principio de todo porque é a única forma de atoparlle xeito a este suceso. Pois a cousa foille así. Eu aluguei a casa por internet cunha chea de tempo de antelación porque quería estar só. Precisaba dun tempo de recollemento e pensei que a ponte de decembro sería o momento idóneo para facer o último repaso á miña novela nunha paraxe idílica e así traballar afastado de distraccións.

O caso é que cheguei o sábado cinco pola tardiña. Atrasárame porque me topara polo camiño cunha tormenta de neve e tivera que parar a pór as cadeas ás rodas do coche. A verdade é que tiven un pouco de medo ao conducir nesas condicións, sobre todo cando cheguei á serra e comecei a ver coches na beira da vía con problemas. Debían de ser turistas coma min porque a xente do lugar está máis que afeitada a ese tempo invernal, pero a pesares do medo do principio, a estampa dos prados cubertos dun manto branco non ten prezo. Os que somos de cidade apreciamos moito ese tipo de imaxes.

Daquela, cando cheguei ao lugar, a dona da casa estábame a esperar xa na entrada pasada a hora que acordamos para facerme entrega das chaves e levar a cabo o pago. Tívenme que desculpar pola tardanza e explicar os motivos do atraso. Así que quedamos en que o martes oito eu deixaría a chave na caixa do correo e ela xa viría a recollela cando lle petase. Élle un procedemento bastante habitual cando se alugan este tipo de establecementos rurais.

Esa primeira noite paseina organizando un plan de traballo. Levara o portátil tamén para traballar arreo. De súpeto, cando estaba na mesa da cociña organizando todo advertín coma unha especie de corrente de aire e pensei que habería algunha fiestra aberta. A do salón estaba ben pechada. Fun ver a dos dous cuartos das liteiras e a do baño pero tamén estaban pechadas. Pensei entón que podería ser que entrase algunha corrente polo tiro da cociña de ferro. Como non tivera tempo de prender o lume, pechei o tiro pensando que con iso arranxaría o problema da co-

rrente. Aínda así, de tanto en tanto mentres traballaba, sentía refachos de aire ben frío que me sacudían a cara ou que me subían polas pernas arriba. Dixen eu, ‘nada, mañá cedo vou ao alpendre que ha de haber alí madeiros para facer lume’. O certo é que facía un frío do demo. Dicían que xa caeran varias nevaradas ese outono que deixaran illadas algunhas vilas da zona. O caso é que esa primeira noite botei todas as mantas que atopei na casa arriba da miña cama, pero aínda con iso sentín toda a noite unha especie de brisa de aire frío polo corpo que non me deixou pegar ollo.

Ao día seguinte erguinme un pouco máis tarde do que eu pretendía pero nada máis ducharme e vestirme saín afora a buscar o alboio a ver se atopaba algo de leña. Non ía facer frío! Cando saín pola porta estaba a caer unha boa. Puiden ver ese tipo de paisaxes propias da terra, coas ladeiras cheas de neve e os tellados a punto de se caer co manto branco das folerpas. Atopei un pendello pegado á casa onde gardaban un carro de bois vello e uns cantos utensilios máis de labranza que estaba claro que non se utilizaran en décadas. Parecían estar alí á espera de que alguén os desempoara para recobrar vida. Pero non ía ser eu o tal para facer iso. Ademais, calquera traballa o campo co frío que vai!

En fin. Atopei ao fondo uns cantos madeiros e decidín facer unha pila con eles e botalos ao lombo envoltos nunha chaqueta que tiña por debaixo e así non ter que dar vinte voltas para levar leña dabondo para pasar a noite. Botei aqueles toros que me parecía a min que arderían mellor e cargueinos ás costas. Non chegara aínda á porta da casa cando comecei a sentir unha humidade ben rara no carrelo e dixen eu, ‘vas ver como collín os madeiros mollados’. Pero de socate sentín caer un chorro de auga por todo o espiñazo ata me anegar a parte de atrás do anorak. Quitei o fardo que levaba nas costas, desateino e, mire vostede señor axente que non o vai crer, pero a pila de leña desaparecera. Fora coma se os madeiros se converteran en líquido. Unha cousa

moi estraña. Eu non daba crédito e dixeran, ‘isto debe ser ou ben cousa do demo, ou ben que eu ando tan canso que xa non sei o que fago’. Decidín repetir a viaxe e coller outra pila de leña, pero esta segunda vez non pasou nada singular, polo que pensei que igual collera eu a primeira vez unha bola de neve pensando que era madeira ou, eu que lle sei!

Pasou ese sábado sen máis novidades. Acendín a cociña de ferro e aseí uns chourizos que levara para xantar ese día. Amais ca calorciña da cociña queceron tódolos cuartos da casa. Ese día si que era gloria estar alí! Pois nada, o sábado paseino traballando con toda no meu manuscrito, corrixindo sobre todo aspectos de estilo porque a min sempre me gustou escribir curioso; pero o domingo estaba eu xa aborrecido e decidín ir dar un paseo polo pobo aproveitando que deixara de nevar un rato. Así que para dar unha volta collín unhas botas de gore-tex que mercara xa coa idea de facer sendeirismo, o plumas, e puxen tamén un traxe de augas por enriba non fora ser o conto que me pillara a chuvia ou a neve. Coa mesma marche polo camiño que vai dar aos muíños eses que están preto da carballeira esa tan chula que hai á beira do río. Lembro que a primeira vez que fixera ese mesmo percorrido cuns amigos hai xa moitos anos, atopáramos un corzo alí no medio da ruta. O certo é que algúns que sabían máis ca min da fauna autóctona dixeran que non era un corzo, senón un gamo. Non lle sei dicir, porque saíu chimpando cando nos escoitou chegar e case non nos deu tempo a lle mirar máis que as patas tra-seiras que desapareceron por entre os toxos. Cando un vai en ruta por estes sitios e quere ver animais, o primeiro que debe facer é estar ben calado porque co barullo, os animais asústanse e non hai forma de ver ningún.

A ver. Non percorrera aínda uns poucos metros cando de súpeto mirei ao virar unha curva do camiño un añaño alí soño no medio do carreiro. Detívenme por si se asustaba e xúrolle polo máis sagrado, señor axente, que o que lle vou contar é certo. O añaño era todo branco, dun branco tan reluciente que parecía unha figura de neve. O animal non se movía pero seguía respirando porque lle saía unha nube de bafõ polo nariz co frío que facía. Calculei eu que non me chegaría nin aos xeonllos, polo que pensei que debía ser un acabado de parir. Xa sabe vostede que estes animais nada máis nacer botan a andar. A miña avoa tiña ovellas na aldea e cando era eu pequeno lembro estar na cuadra e ver un destes bichos nacer. O

que máis me gustaba daquela era darlles a mamadeira con leite que lle preparabamos para que chuchase. Sonlle ben chuscas, así de pequeniños!

O caso é que o añaño aquel quedou alí quieto a mirar para min coma se me coñecera de algo. Non se movía o condenado. Mirábame con aqueles ollos de acibeche brillante que tiña que ata me comezou a subir un arrepío por todo o corpo. Eu quedei coma paralizado, sen poder mover un só músculo do corpo. Non sei se pasaron minutos ou horas pero cando puiden reaccionar, botei a andar amodo para non o asustar. Así como me achegaba a el, o bicho non movía nin unha orella. Tan tranquilo estaba que dixeran eu, ‘vouno coller e levar para o pobo porque digo eu que se lle tivo que escapar a alguén’. Pero así como lle fun botar a man, non o vai crer señor axente pero é a pura verdade, o demo do añaño converteuse nun cativo duns poucos anos que comezou a rirse mentes pegaba chimpos así espido como deus o trouxo ao mundo, e co frío que facía alá marchou o neno polo camiño adiante ata desaparecer. É certo. Dígollo tal e como pasou!

Logo marchei para a casa máis morto de medo que outra cousa. Pensei que estaba a tolear pero entendín que probablemente sería cousa da suxestión mental causada polo efecto da paraxe, o frío, a falta de soño, a tensión do traballo, a fame, ou vaia vostede a saber! O caso é que cheguei á casa un tanto alterado e decidín facerme un colacao ben quentiño para calmar os nervios e acougar un pouco para esquecer ao añaño e ao cativo nu que desaparecera guindando polo carreiro arriba, aínda que aquela risa que parecía saír do alén seguiríame angustiando polo resto do día.

Dei grazas de que xa non me quedaba moito para volver á miña casa. O certo é que lle estaba a coller xa algo de medo ao lugar. Comecei a sentir que non estaba só, a sentir que non sei se o demo ou quen era que me estaba a vixiar para me amolar a existencia. Intentei tranquilizarme e pensar nas vacacións que debería de tomar unha vez rematado o traballo.

Decidín deitarme sen ter moita conciencia da hora que era. Todo o que sei é que xa era de noite porque estaba completamente a escuras fóra. Marche para a cama e intentei afastar o medo con pensamentos positivos ata que caín nun profundo sono.

Non lle podo dicir canto tardei en espertarme. O único que lembro é o son atronador da desfeita na cociña. Escoitei como rachaba a vaixela no

chan, como rompían cristais, como se movían móbeis. Ao principio non din crédito e pensei que estaba a soñar un deses soños desacougantes. Pero non. Erguinme así como puideron e medio a escuras atravesei o corredor que conectaba os cuartos coa cociña. Palpei na parede tentando atopar o interruptor da luz mentres sentía utensilios voar en fronte do meu nariz. O escándalo era impresionante.

Cando prendín a luz fíxose o silencio. Nada se movía pero puideron ver con claridade a situación na que se atopaba a cociña. Tódolos pratos, vasos e demais estaban feitos anacos no chan. Os caixóns e as portas dos armarios medio abertas e esnaquizadas. A mesa e as cadeiras patas arriba. As cortinas da fiestra rachadas.

Aínda non me dera tempo a asimilar a imaxe apocalíptica que tiña diante dos meus ollos cando sentín un forte ruído no salón. Dirixinme ata a porta que estaba en fronte da cociña e prendín a outra luz. E alí o estaba.

Vin un anano co nariz chato, unha especie de pequenos cornos na cabeza, un corpo todo cheo de pelaxe e tamén algo parecido a unhas pezoñas nos pés. Estaba a mirar para min cun sorriso sádico no fouciño e sostendo un martelo coas mans.

Eu quedei inmóbil, incapaz de reaccionar mentres aquel bicho me cravaba a súa mirada desapiada e coa mesma, cun movemento seco e contundente, espichou o martelo no televisor de plasma que había na sala. Non parou ata deixalo feito anacos, mentres ría e gruñía de pracer.

Cando cansou de esmagar a tele, comezou a saltar enriba dos sofás, cravando as uñas e os dentes nos coxíns e almofadas, esnaquizando o interior dos asentos ata convertelo case nun po miúdo que levitaba no aire. Colgouse despois da lámpada do teito e, sen facer moito esforzo, desprendeuna e quedamos a escuras. Escoitei o estrondo dos cristais das bombillas romperse na caída.

Sentín entón como o moi cabrón do bicho me saltaba pola cabeza para ir rachando coa risa corredoiro adiante. Corrin detrás del, afoután-

dome todo e decidido a atrapar ao demo aquel antes de que puidese continuar coa súa destrutiva aventura pola casa.

Entrei no cuarto no que deixara a maleta e cando acendín a luz estaba a crebar a miña roupa sucia cos dentes. Puideron mirarlle dous cabeiros brancos e relucentes acabados en punta que furaban os meus xerseis e pantalóns coma se fosen feitos de manteiga. Entrei no cuarto decidido a botarlle a man pero escapouseme saltando polas liteiras. Despois enganchouse ás cortinas ata desprendelas do oco da ventá.

Entón, outra vez saltou por enriba da miña cabeza para dirixirse ao meu cuarto. Dei volta e fun ata alá. Sentouse na miña cama e, antes de que eu puidese reaccionar, comezou a mexar e a cagar coma un can enriba do saco de durmir. O cuarto comezou a cheirar a bosta húmida, coma a que deixan as vacas ou os bois polos camiños. O fedor era repugnante. O moi desgraciado estaba podre por dentro. As náuseas case me impediron entrar no cuarto pero, eu decidido como estaba a atrapar ao bicho, fíxenme con forzas e boteime á caza.

Estaba colgado da persiana cando o atrapei. Collino coas mans e puideron entón miralo fixamente. A face daquel ronco deume un asco noxento. Esta a babexar o moi condenado co pracer de me atormentar.

Baixei a garda medio anestesiado pola peste a merda e antes de que me puidese decatar, guindoume unha cabezada con aqueles cornos repetentes ata deixarme K.O. no chan.

O seguinte que lembro é o ruído dos enfermeiros e a sirena da ambulancia.

Dicen que pasei tres días inconsciente. Eu non me lembro de nada máis. Só sei que eu non lle teño a culpa de nada. Foi o demo do tártaro que pasou toda a fin de semana martirizándome e torturándome ata case me matar.

Dígalle á dona da casa que sinto moito a desfeita, pero que eu non teño nada que ver. Eu, despois de todo, son a vítima principal desde suceso tan terrible.